



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE SETEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1710/2012.- PORTELA SILVA ANA.- 59/2012.-- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar no Rueiro de Figueiriñas 31.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1197/2013.- BALEATO GONZALEZ SANDRA LIC/224/2011 3.000 €

4.- Proposta do director de Área de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de edificación dunha vivenda unifamiliar de realoxo na parcela V1.1. do SUNP-5 - A MUIÑA.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 31 de maio de 2011, acordou conceder licenza de obra (LIC/653/2011) para a edificación dunha vivenda de realoxo na parcela V1.1 do SUNP 5 de A Muíña, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Adrián Martín Prieto. Consta no expediente o informe do Arquitecto Municipal, indicando que “o proxecto cumpre coa normativa correspondente á licenza LIC/653/2011, actualmente en vigor, polo que non precisa de actualización a outras normativas ou modificacións normativas acaecidas dende a data de solicitude de licenza”. Visto o anterior a XGL aprobou este proxecto de edificación de unha vivenda unifamiliar de realoxo na parcela V1.1 do SUNP 5 – A Muíña.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións á Federación Galega de Fútbol para a tempada 2013/14.

Unha vez visto o escrito presentado por D. Enrique Fernández Otero, en representación da Federación Galega de Fútbol e como Delegado Local da mesma nesta cidade, no que solicita o uso de diversas instalacións deportivas municipais –campos de fútbol e pavillóns– así como calquera outra instalación que o Concello teña conveniada ou poida ser destinada para a práctica do fútbol e fútbol sala, para poder desenvolver as súas actividades futbolísticas da presente tempada tales como campionatos de fútbol, adestramentos, partidos amigables, competicións oficiais nas diferentes categorías e torneos (liga e copa), actividades das seleccións locais e galegas, finais de copa Cidade de Santiago e Copa do Sar en todas as súas categorías, etc, a XGL aprobou concederlle a esta entidade federativa o seguinte:

1.- Con carácter xenérico, a utilización de equipamentos municipais durante a tempada 2013/14 –en especial, a reserva de uso dos campos de fútbol de herba sintética– para celebrar as actividades que se enumeraron anteriormente, así como, para calquera outra de similar natureza.

2.- De forma puntual e con carácter gratuíto, os campos de fútbol de herba natural de San Lázaro e San Lázaro II, sempre que as súas condicións de uso e a programación dos mesmos o permitan.

6.- -Proposta da Concelleira delegada de Facenda relativa a beneficios fiscais no Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no Imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

41.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de acollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

42.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de erros no acordo nº 13 da sesión de data 11.07.2013.

Corrección de erros nos datos da concesión dunha exención na taxa se subministro de auga dunha cidadá.

43.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de solicitude de exención na taxa para paso de vehículos a través das beirarrúas ou calzadas.

A XGL aprobou rexeitar dita solicitude de exención da taxa de paso de vehículos a través das beirarrúas a proposta da Concelleira de Facenda xa que a solicitude de exención en cuestión non está recollida en norma de ningún tipo.

44.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédesese a exención.

45.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédesese a exención.

URXENCIAS

- 1.- Prórroga do proxecto de obras en Cesar, Berdía, San Caetano e Barciela incluído no POS 2013.
- 2.- Aprobación de convenio de colaboración coa Cámara e a Fundación Incide para o programa de creación, consolidación de empresas e autoemprego. Achega do Concello: 9.000 euros.
- 3.- Aprobación de convenio de colaboración co Curso Internacional Música en Compostela. Achega municipal: 3.825 euros.
- 4.- Concesión de Iniciativa Local de Emprego á empresa Excelia Electrónica Sociedade Cooperativa Galega.